# 7 PROTECCIÓN SOCIAL

*7 protección social*

# 7.1.- COBERTURA E FINANCIAMENTO

As principais conclusións que se poden tirar da análise da cobertura e financiamento das prestacións sociais -baseada nos datos facilitados polo Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociais, a Delegación do Goberno en Galicia, a Tesorería General de la Seguridad Social e os datos recollidos nos Presupostos da Xunta, na EPA e no INEM- son o incremento das altas na Seguridade Social e o aumento do presuposto das consellerías de Sanidade e Servicios Sociais e de Familia e Promoción de Emprego, Muller e Xuventude.

A cantidade presupostada para estas dúas consellerías ascendeu a 352.190 millóns de pesetas, o que supón un crecemento do 8,6% respecto ó ano anterior. Deste xeito, aumentou o seu peso relativo no total dos presupostos da Xunta, que pasa do 37,26% de 1997 ós 38,21% do ano 1998.

## Afiliación á Seguridade Social

Unha consecuencia da mellora do mercado de traballo no ano 1998 é o incremento no número de afiliados á Seguridade Social. O **cadro 7.1.1.** reflicte que ésta acadou en Galicia a cifra de 814,3 miles de persoas afiliadas, un 4,1% máis que no ano anterior.

A meirande parte destas afiliacións corresponde ó grupo do réxime xeral, que acolle ó 65,6% do total de afiliacións, seguido do réxime especial de autónomos, cun 19,0% das mesmas. Comparado co ano anterior, aumenta a importancia relativa do réxime xeral (64,1% en 1997) en tanto que descende o peso relativo dos demais tipos de réximes.

Entre os anos 1997 e 1998, o incremento de traballadores en alta laboral no réxime xeral foi do 6,44%, lixeiramente superior ó experimentado pola poboación asalariada no mesmo período.

Por provincias, A Coruña é a que presenta o maior número de afiliados, con 330,5 miles de persoas, un 4,36% máis que no ano anterior. Nas outras tres provincias tamén se rexistran aumentos no número de afiliados á Seguridade Social respecto a 1997: na provincia de Lugo, un

CADRO 7.1.1. ***Traballadores en alta laboral 1997-98** (1): **distribución segundo reximes***

*(en miles)*

| | 1997 | 1998 | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | Total | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra |
| **Rexime Xeral e da Mineria do Carbón** | 501,9 | 534,2 | 227,2 | 58,3 | 58,8 | 189,9 |
| **Réxime Especial Agrario** | 88,1 | 83,4 | 28,1 | 28,9 | 11,0 | 15,5 |
| **Réxime Especial Autónomo** | 150,5 | 154,5 | 62,4 | 20,0 | 21,7 | 50,4 |
| **Réxime Especial Empregados Fogar** | 12,3 | 12,3 | 5,5 | 1,5 | 1,7 | 3,7 |
| **Réxime Especial do Mar** | 29,5 | 29,8 | 7,5 | 2,3 | -- | 20,0 |
| **Total** | **782,4** | **814,3** | **330,5** | **111,1** | **93,2** | **279,5** |

(1) en medias anuais
Fonte: *Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales*

2,21%; en Pontevedra, un 5,11%; e, en Ourense, un 2,41%.

## Financiamento e cobertura social do Estado

A recadación de cotas á Seguridade Social, nos diferentes reximes, ascendeu en Galicia a 443.450 millóns de pesetas en 1998. O Réxime Xeral foi o que máis aportou, con 285.095 millóns, o 64,3% do total deses ingresos. A provincia de A Coruña é a que máis aporta na recadación de cotas, cun importe de 190.228 millóns de pesetas.

Como se pode observar no **cadro 7.1.2.**, os pagos ascenderon a 635.115 millóns de pesetas (un 3,1% superior á cifra do ano anterior), dos que 558.436 millóns corresponden ás pensións. Por provincias, A Coruña foi a que acolleu un maior volume de gastos, con 253.782 millóns de pesetas, seguida de Pontevedra, con 192.569 millóns.

Os **cadros 7.1.3.**, **7.1.4.**, **7.1.5.**, **7.1.6.** e **7.1.7.** reflicten as obrigas recoñecidas totais das entidades xestoras e Tesorería General de la Seguridad Social. En Galicia o total das obrigas ascendeu a 617.443 millóns de pesetas, dos que 575.727 millóns (o 93,24%) corresponde ás pensións e o 6,76% restante, 41.716 millóns de pesetas, ós subsidios. Por provincias, A Coruña é a quen ten unhas maiores obrigas, con 231.777 millóns, o 37,5% do total galego, seguida de Pontevedra, con 190.735 millóns (30,9%), e Lugo e Ourense, con 103.293 (o 16,7%) e 91.638 millóns de pesetas (14,8%), respectivamente.

Atendendo á súa desagregación por reximes, os devanditos cadros reflicten que son os Réximen Xeral e o Agrario os dous máis importantes, con 275.828 e 189.742 millóns de pesetas, respectivamente, aínda que nas provincias de Lugo e Ourense, o Réxime Agrario é o que máis obrigas recoñecidas ten.

O **cadro 7.1.3.** reflicte que as pensións por xubilación son as que presentan un maior volume de obrigas recoñecidas, con 404.779 millóns de pesetas, seguidas das pensións de viuvez, con 90.995 millóns de pesetas. No caso dos subsidios, os de incapacidade temporal son os máis importantes, con 25.368 millóns de pesetas.

Atendendo á desagregación provincial, o **cadro 7.1.4.** recolle os datos da provincia de A Coruña, onde, ó igual que no conxunto de Galicia, o Réxime Xeral é quen máis obrigas recoñecidas ten, con

CADRO 7.1.2. ***Ingresos de cotas (caixa convencional) e pagos da Seguridad Social 1998: distribución segundo reximes***

*(en miles de pesetas)*

| Ingresos | Total | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra |
|---|---|---|---|---|---|
| **Réxime Xeral** | 285.095.477 | 126.587.201 | 28.909.447 | 30.573.056 | 99.025.773 |
| **Réxime Especial Autónomo** | 58.601.321 | 23.674.401 | 7.425.069 | 8.140.922 | 19.360.929 |
| **Réxime Especial Agrario** | 17.198.561 | 5.865.813 | 5.950.036 | 2.236.355 | 3.146.357 |
| **Réxime Especial do Mar** | 11.901.789 | 3.667.521 | 1.038.133 | 390 | 7.195.745 |
| **Rexime Especial M. do carbón** | 382.875 | 352.823 | 12.952 | 7.457 | 9.643 |
| **Réxime Especial Empregados Fogar** | 2.687.811 | 1.188.855 | 321.605 | 370.045 | 807.306 |
| **Desempregados** | 27.831.066 | 11.927.290 | 2.758.695 | 3.205.444 | 9.939.637 |
| **TGSS sen AT** | 403.698.900 | 173.263.904 | 46.415.937 | 44.533.669 | 139.485.390 |
| **Accidentes de traballo e enfermidades profesionais** | 34.556.673 | 14.284.261 | 3.946.959 | 3.622.465 | 12.702.988 |
| **TGSS** | 3.786.626 | 1.552.000 | 572.788 | 495.983 | 1.165.855 |
| **MM.AT.** | 30.770.047 | 12.732.261 | 3.374.171 | 3.126.482 | 11.537.133 |
| **ITCC MM.AT.** | 5.194.548 | 2.679.708 | 697.692 | 481.042 | 1.336.106 |
| **Total sistema** | 443.450.121 | 190.227.873 | 51.060.588 | 48.637.176 | 153.524.484 |

*(en millóns de pesetas)*

| | Total | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra |
|---|---|---|---|---|---|
| **Pagos** | 635.115 | 253.782 | 98.429 | 90.335 | 192.569 |
| **Pensións** | 558.436 | 207.841 | 93.203 | 85.343 | 172.049 |
| **Outras prestacións** | 27.684 | 10.351 | 5.120 | 3.512 | 8.701 |
| **Desemprego (INEM)** | 28.340 | 24.304 | - | 1.448 | 2.588 |
| **Outros pagos (ISM e outros)** | 20.655 | 11.286 | 106 | 32 | 9.231 |

Fonte: elaboración CES-Galicia a partir de datos da *Tesorería General de la Seguridad Social* e *Delegación do Goberno*

CADRO 7.1.3.

***Obrigas recoñecidas polas Entidades Xestoras e Tesorería General de Seguridad Social na C.A.1998***

*(en millóns de pesetas)*

| | Xeral | Traballadores autónomos | Agrario | do Mar | Minería do Carbón | Empregados do Fogar | Acc. Traballo e Enf. Profesional | Non Contributiva | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Pensións** | 256.296 | 38.347 | 184.739 | 46.509 | 2.272 | 10.368 | 12.170 | 25.026 | 575.727 |
| **Invalidez permanente** | 29.664 | 3.980 | 11.134 | 4.712 | 248 | 1.045 | 5.734 | 13.556 | 70.073 |
| **Xubilación** | 176.612 | 26.684 | 147.277 | 31.951 | 1.718 | 9.067 | - | 11.470 | 404.779 |
| **Viuvez** | 45.689 | 7.145 | 23.275 | 8.993 | 284 | 201 | 5.410 | - | 90.997 |
| **Orfandade** | 3.400 | 458 | 2.031 | 665 | 18 | 35 | 795 | - | 7.402 |
| **Favor de familiares** | 931 | 80 | 1.022 | 188 | 4 | 20 | 231 | - | 2.476 |
| **Subsidios** | 19.532 | 5.215 | 5.003 | 2.336 | 16 | 593 | 674 | 8.347 | 41.716 |
| **Incapacidade temporal** | 13.114 | 4.714 | 4.569 | 1.892 | 16 | 524 | 539 | - | 25.368 |
| **Id. colaboración de empresas** | 626 | - | - | - | - | - | - | - | 626 |
| **Maternidade** | 3.262 | 303 | 37 | 30 | - | 37 | - | - | 3.669 |
| **Prestacións familiares** | 1.971 | 185 | 354 | 214 | - | 32 | - | 560 | 3.316 |
| **Id. con minusvalía** | - | - | - | - | - | - | - | 5.521 | 5.521 |
| **Auxilio por defunción** | 22 | 8 | 33 | 4 | - | - | - | - | 67 |
| **A tanto alzado** | 78 | - | 8 | 6 | - | - | 68 | - | 160 |
| **Por baremo** | - | - | - | - | - | - | 60 | - | 60 |
| **LISMI** | - | - | - | - | - | - | - | 2.266 | 2.266 |
| **Outros** | 459 | 5 | 2 | 190 | - | - | 7 | - | 663 |
| **Total** | **275.828** | **43.562** | **189.742** | **48.845** | **2.288** | **10.961** | **12.844** | **33.373** | **617.443** |

Fonte: *Tesorería General de la Seguridad Social*

CADRO 7.1.4. ***Obrigas recoñecidas polas Entidades Xestoras e Tesorería General de Seguridad Social na provincia de Coruña 1998***

*(en millóns de pesetas)*

| | Xeral | Traballadores autónomos | Agrario | do Mar | Minería do Carbón | Empregados do Fogar | Acc. Traballo e Enf. Profesional | Non Contributiva | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Pensións** | 108.833 | 15.008 | 54.562 | 16.915 | 813 | 3.862 | 4.781 | 10.921 | 215.695 |
| **Invalidez permanente** | 11.994 | 1.482 | 2.567 | 1.721 | 70 | 348 | 2.179 | 5.721 | 26.082 |
| **Xubilación** | 74.807 | 10.475 | 43.195 | 11.635 | 652 | 3.421 | - | 5.200 | 149.385 |
| **Viuvez** | 20.142 | 2.824 | 7.775 | 3.233 | 82 | 70 | 2.202 | - | 36.328 |
| **Orfandade** | 1.482 | 194 | 767 | 242 | 8 | 15 | 305 | - | 3.013 |
| **Favor de familiares** | 408 | 33 | 258 | 84 | 1 | 8 | 95 | - | 887 |
| **Subsidios** | 7.766 | 1.909 | 1.734 | 663 | 16 | 219 | 300 | 3.475 | 16.082 |
| **Incapacidade temporal** | 5.194 | 1.710 | 1.591 | 537 | 16 | 194 | 226 | - | 9.468 |
| **Id. colaboración de empresas** | 258 | - | - | - | - | - | - | - | 258 |
| **Maternidade** | 1.425 | 120 | 12 | 6 | - | 13 | - | - | 1.576 |
| **Prestacións familiares** | 651 | 72 | 121 | 90 | - | 12 | - | 238 | 1.184 |
| **Id. con minusvalía** | - | - | - | - | - | - | - | 2.304 | 2.304 |
| **Auxilio por defunción** | 10 | 3 | 9 | 1 | - | - | - | - | 23 |
| **A tanto alzado** | 8 | - | - | 1 | - | - | 18 | - | 27 |
| **Por baremo** | - | - | - | - | - | - | 54 | - | 54 |
| **LISMI** | - | - | - | - | - | - | - | 933 | 933 |
| **Outros** | 220 | 4 | 1 | 28 | - | - | 2 | - | 255 |
| **Total** | **116.599** | **16.917** | **56.296** | **17.578** | **829** | **4.081** | **5.081** | **14.396** | **231.777** |

Fonte: *Tesorería General de la Seguridad Social*

CADRO 7.1.5. ***Obrigas recoñecidas polas Entidades Xestoras e Tesorería General de Seguridad Social na provincia de Lugo 1998***

*(en millóns de pesetas)*

| | Xeral | Traballadores autónomos | Agrario | do Mar | Minería do Carbón | Empregados do Fogar | Acc. Traballo e Enf. Profesional | Non Contributiva | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Pensións** | 30.280 | 6.421 | 52.524 | 2.228 | 693 | 1.603 | 1.631 | 2.423 | 97.803 |
| **Invalidez permanente** | 3.289 | 616 | 3.735 | 278 | 67 | 123 | 899 | 1.325 | 10.332 |
| **Xubilación** | 21.619 | 4.509 | 42.269 | 1.540 | 534 | 1.436 | - | 1.098 | 73.005 |
| **Viuvez** | 4.977 | 1.222 | 6.015 | 379 | 90 | 37 | 604 | - | 13.324 |
| **Orfandade** | 312 | 65 | 392 | 23 | 2 | 5 | 100 | - | 899 |
| **Favor de familiares** | 83 | 9 | 113 | 8 | - | 2 | 28 | - | 243 |
| **Subsidios** | 2.100 | 679 | 1.414 | 82 | - | 86 | 96 | 1.033 | 5.490 |
| **Incapacidade temporal** | 1.375 | 612 | 1.256 | 72 | - | 78 | 73 | - | 3.466 |
| **Id. colaboración de empresas** | 56 | - | - | - | - | - | - | - | 56 |
| **Maternidade** | 349 | 33 | 11 | 1 | - | 4 | - | - | 398 |
| **Prestacións familiares** | 255 | 32 | 132 | 5 | - | 4 | - | 45 | 473 |
| **Id. con minusvalía** | - | - | - | - | - | - | - | 838 | 838 |
| **Auxilio por defunción** | 3 | 2 | 10 | - | - | - | - | - | 15 |
| **A tanto alzado** | 14 | - | 5 | - | - | - | 16 | - | 35 |
| **Por baremo** | - | - | - | - | - | - | 3 | - | 3 |
| **LISMI** | - | - | - | - | - | - | - | 150 | 150 |
| **Outros** | 48 | - | - | 4 | - | - | 4 | - | 56 |
| **Total** | **32.380** | **7.100** | **53.938** | **2.310** | **693** | **1.689** | **1.727** | **3.456** | **103.293** |

Fonte: *Tesorería General de la Seguridad Social*

CADRO 7.1.6. ***Obrigas recoñecidas polas Entidades Xestoras e Tesorería General de Seguridad Social na provincia de Ourense 1998***

*(en millóns de pesetas)*

| | Xeral | Traballadores autónomos | Agrario | do Mar | Minería do Carbón | Empregados do Fogar | Acc. Traballo e Enf. Profesional | Non Contributiva | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Pensións** | 34.853 | 6.160 | 39.320 | - | 385 | 1.388 | 1.472 | 3.432 | 87.010 |
| **Invalidez permanente** | 3.442 | 705 | 1.820 | - | 78 | 149 | 717 | 2.013 | 8.924 |
| **Xubilación** | 25.642 | 4.274 | 31.954 | - | 252 | 1.203 | - | 1.419 | 64.744 |
| **Viuvez** | 5.342 | 1.098 | 4.838 | - | 49 | 30 | 651 | - | 12.008 |
| **Orfandade** | 332 | 67 | 385 | - | 4 | 4 | 75 | - | 867 |
| **Favor de familiares** | 95 | 16 | 323 | - | 2 | 2 | 29 | - | 467 |
| **Subsidios** | 2.276 | 710 | 656 | - | - | 81 | 51 | 854 | 4.628 |
| **Incapacidade temporal** | 1.573 | 647 | 609 | - | - | 74 | 40 | - | 2.943 |
| **Id. colaboración de empresas** | 73 | - | - | - | - | - | - | - | 73 |
| **Maternidade** | 299 | 32 | 2 | - | - | 4 | - | - | 337 |
| **Prestacións familiares** | 264 | 30 | 37 | - | - | 3 | - | 66 | 400 |
| **Id. con minusvalía** | - | - | - | - | - | - | - | 553 | 553 |
| **Auxilio por defunción** | 3 | 1 | 8 | - | - | - | - | - | 12 |
| **A tanto alzado** | 7 | - | - | - | - | - | 10 | - | 17 |
| **Por baremo** | - | - | - | - | - | - | 1 | - | 1 |
| **LISMI** | - | - | - | - | - | - | - | 235 | 235 |
| **Outros** | 57 | - | - | - | - | - | - | - | 57 |
| **Total** | **37.129** | **6.870** | **39.976** | **-** | **385** | **1.469** | **1.523** | **4.286** | **91.638** |

Fonte: *Tesorería General de la Seguridad Social*

CADRO 7.1.7. ***Obrigas recoñecidas polas Entidades Xestoras e Tesorería General de Seguridad Social na provincia de Pontevedra 1998***

*(en millóns de pesetas)*

| | Xeral | Traballadores autónomos | Agrario | do Mar | Minería do Carbón | Empregados do Fogar | Acc. Traballo e Enf. Profesional | Non Contributiva | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Pensións** | 82.330 | 10.758 | 38.333 | 27.366 | 381 | 3.515 | 4.286 | 8.250 | 175.219 |
| **Invalidez permanente** | 10.939 | 1.177 | 3.012 | 2.713 | 33 | 425 | 1.939 | 4.497 | 24.735 |
| **Xubilación** | 54.544 | 7.426 | 29.859 | 18.776 | 280 | 3.007 | - | 3.753 | 117.645 |
| **Viuvez** | 15.228 | 2.001 | 4.647 | 5.381 | 63 | 64 | 1.953 | - | 29.337 |
| **Orfandade** | 1.274 | 132 | 487 | 400 | 4 | 11 | 315 | - | 2.623 |
| **Favor de familiares** | 345 | 22 | 328 | 96 | 1 | 8 | 79 | - | 879 |
| **Subsidios** | 7.390 | 1.917 | 1.199 | 1.591 | - | 207 | 227 | 2.985 | 15.516 |
| **Incapacidade temporal** | 4.972 | 1.745 | 1.113 | 1.283 | - | 178 | 200 | - | 9.491 |
| **Id. colaboración de empresas** | 239 | - | - | - | - | - | - | - | 239 |
| **Maternidade** | 1.189 | 118 | 12 | 23 | - | 16 | - | - | 1.358 |
| **Prestacións familiares** | 801 | 51 | 64 | 119 | - | 13 | - | 211 | 1.259 |
| **Id. con minusvalía** | - | - | - | - | - | - | - | 1.826 | 1.826 |
| **Auxilio por defunción** | 6 | 2 | 6 | 3 | - | - | - | - | 17 |
| **A tanto alzado** | 49 | - | 3 | 5 | - | - | 24 | - | 81 |
| **Por baremo** | - | - | - | - | - | - | 2 | - | 2 |
| **LISMI** | - | - | - | - | - | - | - | 948 | 948 |
| **Outros** | 134 | 1 | 1 | 158 | - | - | 1 | - | 295 |
| **Total** | **89.720** | **12.675** | **39.532** | **28.957** | **381** | **3.722** | **4.513** | **11.235** | **190.735** |

Fonte: *Tesorería General de la Seguridad Social*

CADRO 7.1.8. **_Presuposto consolidado da Consellería de Sanidade e Servicios Sociais 1997-98: distribución dos créditos por programas_**

| | 1997 | 1998 | 98/97 |
|---|---|---|---|
| | *(en millóns de pesetas)* | | *(%)* |
| **211 B Dirección e Sec.Xerais de SS.** | 221 | 200 | -9,4 |
| **212 A Pensións e prestacións asistenc.** | 14.757 | 11.914 | -19,3 |
| **212 B Centros para servicios sociais** | 11.395 | 12.151 | 6,6 |
| **212 D Pensións e prestacións en serv.soc.** | 1.553 | 1.760 | 13,3 |
| **311 A Dirección e Sec. Xerais de Sanidade** | 7.951 | 7.464 | -6,1 |
| **313 A Protección e promoción da saúde** | 3.725 | 6.437 | 72,8 |
| **441 A Elab. e Difus. Estatística** | | 14 | - |
| **2020 Protección e promoción da saúde** | 2.818 | | |
| **2121 Atención primaria de saúde** | 96.945 | 105.923 | 9,3 |
| **2223 Atención especializada** | 162.841 | 173.154 | 6,3 |
| **2591 Dirección e Servicios Xerais** | 6.590 | | |
| **2628 Formación Persoal Sanitario** | 3.934 | 3.687 | -6,3 |
| **Total** | **312.730** | **322.705** | **3,2** |

Fonte: *Xunta, Presupostos xerais da C.A.*

CADRO 7.1.9. **_Presuposto consolidado da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude 1997-98: distribución dos créditos por programas_**

| | | 1997 | 1998 | 98/97 |
|---|---|---|---|---|
| | | *(en millóns de pesetas)* | | *(%)* |
| **211 A** | **Dirección e servicios xerais de protección social** | 2.327 | 2.496 | 7,3 |
| **211 B** | **Dirección e servicios xerais de proteccións sociais** | 2.340 | 2.440 | 4,3 |
| **212 A** | **Pensións e prestacións asistenciais** | 658 | 1.568 | 138,3 |
| **212 B** | **Centros para servicios sociais** | 1.995 | 2.061 | 3,3 |
| **212 D** | **Pensións e prestacións en servicios sociais** | 396 | 489 | 23,5 |
| **355 B** | **Fomento da actividade xuvenil** | 1.507 | 1.582 | 5,0 |
| **241 A** | **Fomento do emprego** | 6.917 | 9.043 | 30,7 |
| **241 B** | **Fomento do emprego FSE** | 2.772 | 2.748 | -0,9 |
| **441 A** | **Elabor. e Difus. Estatística** | - | 34 | - |
| **243 C** | **Outras Políticas activas** | - | 7.023 | - |
| **Total** | | **18.912** | **29.485** | **55,9** |

Fonte: *Xunta, Presupostos xerais da C.A.*

116.599 millóns de pesetas (50,3% do total do gasto de A Coruña), seguido do Réxime Especial Agrario, con 56.296 millóns de pesetas (o 24,3%).

Segundo os datos referidos ós diferentes tipos de pensións e subsidios, as pensións de xubilación son as que xeran unhas maiores obrigas recoñecidas –ascenden a 149.385 millóns de pesetas–, seguidas das de viuvez (con 36.328 millóns). No caso dos subsidios, as obrigas recoñecidas por incapacidade temporal ascenden a 9.468 millóns de pesetas.

En Lugo, **cadro 7.1.5.**, salienta a importancia do Réxime Especial Agrario, que, no caso das pensións, presenta uns gastos superiores ó Réxime Xeral en tódolos subgrupos. As pensións de xubilación ascenden a 73.005 millóns de pesetas (o 57,9% corresponde ó Réxime Especial Agrario), que representa o 74,6% do total das pensións de Galicia.

En relación ós subsidios, os máis importantes son os de incapacidade temporal, que ascenden a 3.466 millóns de pesetas, o que representa o 63,13% do

total dos subsidios na provincia de Lugo.

Na provincia de Ourense, as obrigas recoñecidas do Réxime Especial Agrario superan, tal e como reflicte o **cadro 7.1.6.**, ás do Réxime Xeral por mor do efecto das pensións, pero, a diferencia do que acontece na provincia de Lugo, o réxime agrario supera ó xeral nos casos das pensións de xubilación, orfandade e favor familiar.

Finalmente, o **cadro 7.1.7.** amosa os datos correspondentes á provincia de Pontevedra, onde as obrigas recoñecidas do Réxime Xeral ascenderon 89.720 millóns de pesetas (47,0% do total do gasto da provincia), seguido do Réxime Especial Agrario, con 39.532 millóns de pesetas (o 20,7%).

Segundo os datos referidos ós diferentes tipos de pensións e subsidios, as pensións de xubilación son as que xeran unhas maiores obrigas recoñecidas, ascendendo éstas ós 117.645 millóns de pesetas, seguidas das de viuvez, con 29.337 millóns. No caso dos subsidios, as obrigas recoñecidas por incapacidade temporal ascenden a 9.491 millóns de pesetas.

## A cobertura social da Comunidade Autónoma

Os presupostos da Xunta adican no ano 1998 o 38,21% do seu presuposto ós capítulos da Sanidade e Servicios Sociais e a Familia e Promoción de Emprego, Muller e Xuventude. A cantidade adicada foi de 352.190 millóns de pesetas, un 8,6% máis que no ano anterior, dos que 322.705 millóns de pesetas corresponden á Consellería de Sanidade e ó Sergas e os 29.485 millóns restantes, á Consellería de Familia e Promoción de Emprego, Muller e Xuventude (**cadros 7.1.8.** e **7.1.9.**).